

TEMA 9. OS DESAFÍOS DEMOGRÁFICOS DO SÉCULO XXI.

1. Indicadores demográficos fundamentais.

Natalidade: Número de nacementos que se producen nunha poboación durante un período de tempo determinado, normalmente nun ano.

Fecundidade: Estimación do número medio de fillos e fillas que terá cada muller dunha poboación ao longo da súa idade fértil. Para que se produza a remuda xeracional, debe ser mínimo de 2,1 fillos/fillas por muller.


Mortalidade: Número de persoas que falecen nunha poboación durante un período de tempo, normalmente nun ano.

Saldo vexetativo: Diferenza (resta) entre o número de nados e falecidos nun ano nunha poboación. Se dá positivo, nace máis xente e a poboación aumenta; se dá negativo, morre máis xente e a poboación diminúe.

Saldo migratorio: Diferenza (resta) entre o número de inmigrantes procedentes doutros países e o número de emigrantes ao estranxeiro nun ano. Se dá positivo, hai máis inmigrantes; se dá negativo, máis emigrantes.

2. Pirámides de poboación.

Pirámide de poboación: gráfico de barras que representa a estrutura dunha poboación por grupos de idade e por sexos nun ano determinado.




Tres tipos de pirámide:

Con forma triangular (progresiva):

Poboación nova cunha alta natalidade. Alto crecemento da poboación.

Poboación maior baixa, polo que a esperanza de vida (o número de anos que se espera que chegue a vivir a poboación) é baixa.


Corresponde a países pouco desenvolvidos, normalmente de África. Antigamente era a máis común.



Con forma de campá (regresiva):

Diminúe a poboación nova, o que indica un descenso da natalidade, e un crecemento da poboación máis débil.

Hai algo máis de xente maior, o que indica un aumento da esperanza de vida.




Corresponde a países que se están desenvolvendo, como países de América do Sur ou do Sueste de Asia.

Con forma de bulbo (moi regresiva):

Diminúe moito a poboación nova, e é superada pola poboación adulta. Hai un notable descenso da natalidade, incluso a niveis de perda da remuda xeracional.

Hai un importante número de xente maior, aquí están as esperanzas de vida máis elevadas.

Esta esperanza de vida adoita ser maior nas mulleres que nos homes.



Corresponde actualmente aos países desenvolvidos, sobre todo de Europa, Asia Oriental e América do Norte.

3. As migracións

Desprazamentos de poboación que implican un **cambio de residencia** e que se realizan por **motivos non relacionados co ocio**.

Se non implican cambio de residencia e están relacionados co ocio, son **turismo**.

Clasifícanse seguindo varios criterios:

Segundo o lugar de destino:

Migracións interiores ou nacionais: o destino é outro lugar dentro do propio país.

Migracións exteriores ou internacionais: o destino é outro Estado, sendo as máis importantes e que se teñen máis en conta nos datos de migración. Adoitan implicar desafíos legais e trámites administrativos.

Segundo a duración do desprazamento:

Migracións temporais: a persoa que emigra volve ao cabo dun tempo ao seu lugar de orixe.

Migracións permanentes: a persoa que emigra permanece de por vida no lugar de destino.

Segundo o motivo do desprazamento:

Migracións voluntarias: a persoa decide libremente migrar, normalmente por motivos socioeconómicos ou laborais.

Migracións forzosas: a persoa vese obrigada a abandonar o seu lugar de orixe, porque é perseguida polas súas ideas, relixión, orientación sexual...


4. A Densidade de poboación

Relaciona o número de habitantes co tamaño do territorio no que se distribúen, expresado en habitantes por kilómetro cadrado.

Hai rexións con densidades elevadas e outras con pouca densidade. Non ten que ver con tamaño nin sempre co número de habitantes. Así, Canadá é o segundo país máis grande en superficie, pero ten menos habitantes que España, e China é o segundo país máis poboado do mundo, e a súa densidade en xeral é menor á de Países Baixos.

As rexións con maior densidade adoitan posuír: un clima temperado, un relevo suave e solos fértiles, auga abundante (preto das costas ou na beira dos ríos) e unha intensa actividade económica.

Os grandes desertos demográficos do mundo correspóndense coas rexións polares, os desertos e as selvas ecuatoriais, que teñen: clima adverso e solos pobres.



TEMA 11. A PRESIÓN DUN MUNDO CADA VEZ MÁIS URBANO

1. Os trazos que definen a cidade

Para considerar que un lugar é unha cidade, téñense en conta varios criterios:

O seu tamaño: vén dado polo número de habitantes. Varía segundo os países. En España anda arredor dos 30.000-40.000 habitantes, mentres que en Francia anda arredor dos 2.000.


A actividade económica: Nas cidades é moito máis intensa, sobre todo no sector terciario ou servizos (comercios, centros educativos, administración, centros de saúde...)

A súa densidade ou aspecto: Hai moitos máis edificios, sobre todo bloques de varios pisos ou mesmo rañaceos. Ten rúas amplas, estradas...con moitos vehículos.

2. A trama ou plano urbano


A trama urbana é a forma na que se distribúen os diferentes espazos dunha cidade, que podemos observar a través do plano urbano. Este é unha representación esquemática da cidade ou dunha parte concreta dela.

Hai varios tipos de plano urbano:



Trama ou plano irregular

Non se recoñece ningunha forma xeométrica, pois as rúas, moitas delas estreitas e sinuosas, non mostran unha orde.



Trama ou plano radioconcéntrico

As rúas dispóñense de maneira concéntrica arredor dun lugar central (praza, catedral...), do que parten outras rúas de modo radial.



Trama ou plano en cuadrícula

Semella unha cuadrícula, pois as rúas, rectilíneas, córtanse de forma perpendicular e os edificios quedan agrupados en bloques.

3. Zonas dunha cidade

A paisaxe urbana cambia dentro dunha mesma cidade, e pódense diferenciar tres grandes zonas, en función da época na que foron construídas.

O centro histórico: A parte orixinal da cidade, con plano urbano irregular. Alberga os principais edificios e monumentos históricos: o concello, antigos palacios, a catedral... Adoita estar relacionada con actividades culturais, comerciais e co turismo. **Por exemplo: o Casco Vello de Vigo.**

O ensanche: Barrios próximos ao centro histórico, de forma planificada e pode que con plano en cuadrícula. Ten función residencial e con servizos básicos. Adoita ser zona moi importante e de centro de negocios. **Por exemplo: Urzaiz, Príncipe, Gran Vía, Camelias...**

A periferia urbana: é a zona máis recente e heteroxénea. Pode albergar barrios residenciais de vivendas baratas, polígonos industriais, urbanizacións de luxo, centros comerciais... o prezo da vivenda e da superficie comercial é máis barato. **Por exemplo: Coia, Navia, Teis, Alcabre, Calvario, Coruxo, Saiáns...**

4. A expansión das cidades

Ademáis, as cidades expanden a súa influencia ao seu redor, o que xera a aparición de grandes espazos urbanos.

Área metropolitana: Aglomeración urbana composta por **unha cidade principal** (por exemplo: Vigo) e **outras cidades ou núcleos de poboación** menores que **dependen dela** en moitos aspectos e coa que **forman unha unidade funcional** (por exemplo: Porriño, Mos, Redondela, Nigrán, Baiona, Cangas...).

5. Xerarquía entre cidades

Existe unha relación de dependencia entre as cidades do mundo, que forma unha grande rede económica, social, político-administrativa, cultural...entre todas elas. Hai unhas máis importantes e outras que son menores e que dependen das que están por riba delas.

